



O DEFENSOR DO PROFESOR ATENDEU EN GALICIA A 116 DOCENTES DURANTE O CURSO 2012-2013

O Defensor do Profesor é un servizo de atención inmediata e gratuíta para docentes vítimas de situación de conflictividade e violencia nas aulas, posto en marcha por ANPE en Galicia o 24 de abril de 2006, como primeira medida de apoio ante a indefensión do profesorado e como chamada de atención sobre o problema da violencia escolar. É un servizo aberto a todo o profesorado sen distincións e operativo en todas as comunidades autónomas, para favorecer a atención personalizada a todos os docentes.

Nos datos que presentamos para Galicia, clasificamos as chamadas por sexo, por corpo e por tipoloxía, tentando neste último período de estudo axustar a súa definición algo mellor ao tipo de intervención que requiriu cada unha delas; polo que presentamos a incidencia de chamadas divididas en:

- Administrativas: aquelas que se poden solucionar a través da intervención directa do profesorado afectado ou ben a través da propia organización sindical que se encarga de facilitarlle os trámites pertinentes.
- Psicolóxicas: aquelas nas que se necesita asesoramento psicolóxico por parte dun profesional.
- Xurídicas: aquelas que requiren a participación do asesor xurídico para a súa solución ou ben a realización de algún trámite de tipo xurídico.

Debemos indicar que nestes datos se recollen os correspondentes ás chamadas recibidas polo servizo autonómico do Defensor do Profesor e, polo tanto, non recollen as recibidas polo servizo provincial de ANPE Ourense nin as recibidas no servizo a nivel nacional pero correspondentes a docentes galegos que sumarían un total de oito chamadas máis.

Así mesmo, segundo datos aportados pola propia Administración educativa, durante o pasado curso escolar se abriron na nosa comunidade un total de 744 expedientes administrativos ao alumnado dos diferentes niveis educativos o que supón un 0,257% do total. O maior número de expedientes corresponde ao alumnado da ESO con un total de 539 (o 0,622%).

A xa aprobada “**Lei de Convivencia e Participación**” debe reforzar aínda máis a consideración e o respecto cara ao profesorado, que son o pilar fundamental de todo sistema educativo; debe recoñecer institucionalmente o seu labor mediante unha protección especial e transmitir a toda a sociedade galega a relevancia da nosa función docente. É por isto que desde ANPE Galicia **demandamos un rápido desenvolvemento da citada Lei a través da aprobación das diferentes Ordes e Protocolos que fagan efectiva a mesma.**

ANPE suma estas novas iniciativas a todas as que leva desenvolvendo desde hai tempo para mellorar a consideración social dos docentes, facer chegar a nosa realidade á cidadanía e salientar a importancia de coidar a educación como un dos piares da nosa sociedade.